



A lei da acción e reacción

Carlos Labraña¹

En lembranza de Samuel Luiz

Terceira lei de Newton ou lei da acción e reacción. Toda acción ten unha reacción con igual magnitude e igual dirección, pero do lado oposto.

ACCIÓN

Investigación - Laboratorio Forense

No espazo hai un depósito de vidro cheo dun líquido vermello a rebordar. Mergullado nel consérvase o cerebro do Suxeito-Principal conectado por multitude de cables a un ordenador. Nunha pantalla no fondo iremos vendo as diferentes imaxes do suceso en forma de recordos borrosos, imprecisos, desconexos. O forense tenta descubrir con diferentes probas a causa da morte.

FORENSE_ (murmurando, coma se orase)

AcusticofobiAerofobiAeronausifobiAgateofobiAgirofobiAgorafobiAgrafobiAibofobiAicmofobiAliumfobiAilurofobAlbuminurofobiAlectrofobiAlodoxafobiAlgofobiAmatofobiAmaxofobiAmnesifobAmbulofobiAnablefobiAnacrofobiAnatidofobi**Androfobi**AnginofobiAnglofobiAnorakfobiAnquilofobiAntlofobiAntofobiAntropofobiAnuptafobiApeirofobiApifobi**Aporofobi**ApotemnofobiArac

nofobiArabofobiAraquibutirofobiAritmofobiAsimetrofobiAstenofobiAstrafobiAstrofobiAtazagorafobiAtaxiofobiAtefobiAtiquifobiAtelofobiAtomosofobiAulofobiAurofobiAutofobiAutodisomofobiAutómatonofobia...

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ (asustado) Que pasa?

FORENSE_BacilofobiaBacteriofobiaBalistofobiaBambacofobiaBarofobiaBasofobiaBatofobiaBatraciofobiaBelonefobiaBibliofobia**Bi**fobiaBlenofobiaBromidrosifobiaBrontofobia

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Quen fala?

FORENSE_CacomorfobiaCaligynefobiaCancerofobiaCardiofobiaCarnofobiaCarofobiCatisofobiaCenofobiaCiberfobiaChaetofobiaChorofobiaCiberfobiaCibofobiaCinofobiaCipridofobiaClaustrofobiaCleptofobiaClinofobiaCnidofobiaCoitofobiaColerofobiaCometofobiaCoprofobiaCoulrofobiaCreavgrofobiaCrostasofobiaCremnofobiaCriofobiaCrisofobiaCristalofobiaCristianofobiaCrometofobiaCromofobiaCronofobia...

¹ https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Labraña; <https://www.contextoteatral.es/carloslabrana.html>; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/carlos-labrana>.

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Hai alguén aí?

FORENSE_ DecidofobiaDeipnofobiaDemo fobiaDendrofobiaDemonofobiaDermatopato fobiaDermatosiofobiaDextrofobiaDiabetofobiaDidaskaleinofobiaDikefobiaDiplopiafobiaDipsofobiaDorafobiaDromofobiaDishabilio fobiaDromofobia...

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ (*aterrado*) Non vexo nada...

FORENSE_ EcclesiofobiaEcofobiaEisoptrofobiaElectrofobiaEleuterofobiaElurofobiaEmetofobiaEnetofobiaEnosiofobiaEntomofobiaEosofobiaEpistemofobiaEremiofobiaErgofobiaEritrofobiaErmitofobiaErotofobiaEscatofobiaEsciofobiaEscoliodentosaurofobiaEscolionofobiaEscopofobiaEscotofobiaEscotomafobiaEscriptofobiaEsfecsofobiaEspaciofobiaEspermatofobiaEstasofobiaEstaurofobiaEstenofobiaEufobiaEurofobiaEurotofobia...

Investigación - Reconstrución dos feitos

(Mesmo espazo. No proskenio estarán sentados os personaxes mirando ao fronte)

DETECTIVE_ Os implicados no suceso foron: Suxeito-Principal; Suxeito-Acompañante; Suxeito-Vídeo; Suxeito-Agresor; Suxeito-Defensor e Grupo-Antropolóxico

FORENSE_ FagofobiaFalacrofobiaFasmo fobiaFarmacofobiaFebrifobiaFilemafobiaFilofobiaFilosofobiaFobofobiaFonofobiaFotofobiaFrancofobiaFrenofobiaFrigofobia...

(O Forense seguirá borboriñando en segundo plano durante toda a escena)

DETECTIVE_ O Suxeito-Principal sae da discoteca xunto ao Suxeito-Acompañante ás 3 horas e 13 minutos. Nese momento a rúa está repleta de xente porque é a hora de peche dos locais e o ambiente do interior trasládase ao exterior. Despois dun ano de pandemia, os rapaces teñen ganas de festa rachada e moitos deles están bébedos.

SUXEITO-ACOMPÑANTE_ Decidimos chamar unha amiga para amosarlle o ambiente.

DETECTIVE_ Chamar?

SUXEITO-ACOMPÑANTE_ Unha videochamada, desde o meu móbil.

DETECTIVE_ Nese momento achégase o Suxeito-Agresor.

SUXEITO-AGRESOR_ (*nervioso*) Berro: “*Oe, deixa de gravarnos!*”

DETECTIVE_ Estaban gravando?

SUXEITO-ACOMPÑANTE_ Non, estabámoslle amosando o ambiente da rúa a unha amiga por videochamada.

DETECTIVE_ Confirme Suxeito-Vídeo.

SUXEITO-VÍDEO_ Confirmado.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Deixa de gravarnos, hostia!*”

SUXEITO-VÍDEO_ Que pasa?

SUXEITO-ACOMPÑANTE_ Aquí hai un tipo que di que o estabamos gravando. (*A Suxeito-Agresor*) Non estamos gravando a ninguén, é unha videochamada.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Tómasme por parvo?*”

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ É certo.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Deixa de gravarnos ou mátote, maricón de merda!*”

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Maricón, de que?

SUXEITO-VÍDEO_ Estache a dicir a verdade!

DETECTIVE_ O Suxeito-Agresor mételle unha hostia ao Suxeito-Principal.

SUXEITO-ACOMPÑANTE_ Para, ho, que non estamos gravando a ninguén!

DETECTIVE_ O Suxeito-Agresor tenta zoscarlle outra vez ao Suxeito-Principal, pero o Suxeito-Defensor interponse entre eles.

SUXEITO-DEFENSOR_ Tranquilo, rapaz.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Negrata, volve ao teu país de merda!*”

SUXEITO-DEFENSOR_ Amodo!

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Saca de aí ou voute...*”

SUXEITO-DEFENSOR_ Vasme que?

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Deixa de gravarnos, hostia!*” Voume.

SUXEITO-DEFENSOR_ Estás ben?

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Non sei onde está o meu móbil.

SUXEITO-ACOMPANÑANTE_ Non te preocupes, eu axúdoche a buscalo.

SUXEITO-DEFENSOR_ Marchade de aquí canto antes.

DETECTIVE_ O Suxeito-Defensor vaise.

SUXEITO-ACOMPANÑANTE_ Non o atopo.

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Debeume quedar dentro.

SUXEITO-ACOMPANÑANTE_ Vou por el.

DETECTIVE_ Nese momento o Suxeito-Principal queda só?

SUXEITO-ACOMPANÑANTE_ Confirmado.

DETECTIVE_ Achégase unha manda de rapaces denominados Grupo-Antropolóxico e liderados polo Suxeito-Agresor. O Suxeito-Principal non se decata ata que os ten derriba.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Non vedes o negro?*”

GRUPO-ANTROPOLÓXICO_ Aquí só está o maricón de merda.

SUXEITO-AGRESOR_ Berro: “*Pois o negro tamén merecía un par de hostias.*” (Ao Suxeito-Principal) Berro: “*Maricón, agora que estás só xa non es tan valente, eh?*”

CEREBRO SUXEITO-PRINCIPAL_ Xa che dixen que non estabamos gravando. Déixame en paz! Eu non che fixen nada.

DETECTIVE_ O Suxeito-Principal tenta escapar, pero cae. Os rapaces que forman o Grupo-Antropolóxico rodéano e empezan a patadas con el.

(De súpeto, o depósito de vidro escacha e comeza a derramar o líquido vermello mesturado cos miolos do Suxeito Principal, que se espaxen polo escenario, chegando incluso a salpicar ao público. A luz vai diminuindo de intensidade ata quedar só un fio iluminando ao Forense, que continúa de xeonllos co seu rezo.)

FORENSE_ GaleofobiaGametofobiaGefirofobiaGeliofobiaGeumatofobiaXimnofobiaGinefobiaGlosofobia**Gordofobia**GrafofobiaGringofobia_HadefobiaHagiofobiaHamartofobiaHapofobiaHarpaxofobiaHedonofobiaHelenologofobiaHeliofobiaHelmintofobiaHematofobiaHeortofobiaHerpetofobiaHerisofobiaHeterofobiaTriplehexafobiaHidrofobiaHidrofobofobiaHierofobiaHigrofobiaHilefobiaHilofobiaHipegiafobiaHipsifobiaHipnofobiaHipopotomonstrosesquipedaliofobiaHipofobiaHispanofobiaHobofobiaHodofobiaHomiclofobia**Homofobia**HominofobiaHormefobia_IatrofobiaIctiofobiaIdeofobiaIndofobiaIofobiaInsectofobiaIslamofobiaIsopterofofiaItifalofobia_KainofobiaKakorrafiafobiaKatagelofobiaKenofofiaKeraunofobiaKifofobiaKoniofobiaKopofobiaKosmikofobia_LacanofobiaLalofobia**Lesbofobia**LeucofobiaLevofobiaLigofobiaLinonofobiaLisofobiaLockiofobiaLogofobiaLimnofobiaLinonofobiaLisofobia_MacrofobiaMageirocofobiaMaieusiofobiaManiafobiaMastigofobiaMecanofobiaMedomalacufobiaMedortofobiaMegalofobiaMelanofobiaMelisofobiaMelofobiaMeningitofobiaMenofobia

Merintofobia Metalofobia Metatesiofobia Metifo-
 bia Metrofobia Microbiofobia Microfobia Mirme-
 cofobia Misofobia Mixofobia Monofobia Musico-
 fobia Musofobia Misofobia Necrofobia Nefofo-
 bia **Negrofobia** Nemofobia Neofobia Nictofobia
 Nictohilofobia Nihilofobia Nomatofobia Nomof-
 bia Nosocomefobia Nosofobia Nostofobia Nucleo-
 mitufobia Nudofobia Numerofobia Obesofobia O-
 cofobia Oclofobia Odinofobia Ofidiofobia Odonto-
 fobia Oenofobia Ofidiofobia Olfactofobia Oftalmo-
 fobia Ombrofobia Ometafobia Omfalofobia Oneiro-
 fobia Onomatofobia Olfactofobia Optofobia Ornito-
 fobia Ostraconofobia Panfobia Papafobia Papirofo-
 bia Paralipofobia Parafobia Paraskevidekatriafobia
 Partenofobia Parasitofobia Patofobia Patriofobia Pe-
 diofobia Pedofobia Pediculofobia Peladofobia Pelagrafo-
 bia Peniafobia Penterafobia Plutofobia Pogonofobia Poin-
 efobia Polifobia Politicofobia Porfirofobia Potamofobia P-
 tisiofobia Pneumatofobia Pnigofobia Pirexiofobia Pirofo-
 bia Pluvifobia Pocrescofobia Pogonofobia Potofobia Pro-

sofobia Pselismofobia Psicofobia Psicopatofobia Psicrofo-
 bia Proteinfobia Pternofobia Pteromeranofobia Rabdofo-
 bia Radiofobia Rectofobia Ripofobia Ritifobia Rupofobia
 Rusofobia Samhainofobia Sarmasofobia Satanofofia Scoto-
 fobia Scriptofobia Selacofobia Selafobia Selenofobia Septofobia
 Sexofobia Sidafofia Siderodromofobia Siderofobia Sifilofobia Si-
 mantrofobia Simetrofobia Singenesofobia Sinistrofobia Sinofo-
 bia Sitiofobia Socerafobia Sociofobia Sofofobia Soteriofobia Spec-
 trofobia Stasibasifobia Taasofobia Tacofobia Tafefobia Talasofo-
 bia Tanatofobia Tapefobia Tapinofobia Tasofobia Taurofobia Tea-
 trofobia Teratofobia Tecnofobia Teleofobia Telefonofobia Tenio-
 fobia Teofobia Teologicofobia Teratofobia Testafobia Tetanofobia
 Telefonofofia Termofobia Testofobia Tetanofobia Teutonofobia Texto-
 fobia Tiranofobia Tocofobia Tomofobia Tonitrofofia Topofobia Toxifobia
Transfobia Traumatofobia Tredecáfobia Tremofobia Trezidavomartiofo-
 bia Tricofobia Tricopatofobia Tripanofobia Triquinofobia Triskaidekafobia
 Tropofobia Tuberculofobia Tursifobia Uranofobia Urofobia Vacunafo-
 bia Valonofobia Venereofobia Venustrafobia Verbofobia Vermifobia Vermi-
 nofobia Vestifobia Vicafofia Virginitifobia Vitricofobia Wiccafobia Xan-
 tofobia **Xenofobia** Xenoglosfofia Xerofobia Xilofobia Xenufofia Xeras-
 cofobia Xermanofobia **Xerontofobia** Xapanofobia Xudeofobia Zelofobia Zemifobia
 Zeusofobia Zoofobia.

REACCIÓN??? _